

igaxes=



memoria
2022

memoria 2022

igaxes 

**Ningunha moza
e ningún mozo
sen futuro.**

Rúa do Valiño, 63-65
981 56 11 69
15707 Santiago de Compostela
www.igaxes.org



**Unha de cada cinco
nenas e nenos están
en risco de exclusión
en Galicia.**

**Igaxes existe para
cambiar esta
situación.**





Unha brecha que se amplía

2022, o ano da volta á normalidade, quedou marcado por unha guerra en Europa que encareceu a vida. Os prezos dos carburantes, a vivenda e os produtos básicos afondan a situación de desvantaxe das persoas en risco de exclusión, cebándose especialmente coa infancia.

Os terribles datos, máis aló de desanimarnos, fixeron que traballáramos con máis forza para que a pobreza e a exclusión non marquen o futuro das nenas, dos nenos e da xuventude.

Durante este ano ampliamos a nosa mirada para chegar onde non chegábamos coa vista posta na erradicación da exclusión.

Este compromiso lévamos a actualizar os nosos procesos, a repensar os lastres

2022 igaxes

dos estigmas e a requerir ás autoridades competentes a colaboración para chegar onde non chegábamos.

Coa vista posta nunha nova etapa seguimos crescendo e loitando porque as nenas e nenos galegos dispoñan de contornas seguras que as prote-xan e nas que poidan desenrolar todo o seu potencial.

Sempre coas persoas no centro, creando redes que faciliten a inclusión, e coa nosa misión como motor seguimos repensándonos cada día para ser mellores e máis útiles.

Apoiar ás nenas, nenos, adolescentes e familias máis vulnerables foi o noso principal labor durante o 2022 e seguirá sendo o que nos mova nesta nova etapa na que nos adentramos, porque todas as persoas deberíamos ter as mesmas oportunidades.

Carlos Rosón
Director de Igaxes.



2022 igaxes=

Protección da infancia

Para que medren seguros en familia



Dereito ao futuro



Todas as nenas e nenos teñen dereito a unha protección especial e a vivir nun espazo adecuado para o seu desenvolvemento.



Quen nace nunha situación de exclusión tarda ata catro xeracións en saír dese ciclo, por iso a intervención na infancia e coas familias é un pilar da nosa actuación.

Todas e todos os nenos deberan sentirse queridas e protexidas dende o primeiro día de vida. Por iso traballamos para que se cumpran os dereitos das crianzas e para dotar ás familias de recursos para crear ambientes saudables.

O programa "Escola de vida" ofrece

apoio ás familias con atención psicolóxica, respaldo na crianza e oportunidades de emprego. O benestar familiar é a maior garantía para gozar dunha infancia segura.

En 2022 ampliamos os concellos nos que traballamos, achegándonos a Santiago, Ames, Val do Dubra, Oroso, Poio, Vigo, Trazo, Pantón, Sober, O Saviñao, Cee e A Coruña.

241



Nenas e nenos que recibiron atención.

101



Adolescentes con dificultades sociais ou familiares que foron apoiados.

124



Nais e pais que melloraron competencias ou recibiron atención psicosocial.

2022 igaxes=

Educación equitativa

Ampliar as posibilidades de futuro da mocidade en desvantaxe



Dereito á educación



Traballamos polo dereito a recibir unha educación de calidade e en condicións de equidade.



A educación é un pilar desde onde construír a inclusión. Está demostrado que a maior nivel formativo, maiores oportunidades na vida.

As dificultades da mocidade en risco de exclusión para completar os seus estudos multiplícanse con respecto ás das súas compañeiras e compañeiros. Parten de unha grande desvantaxe.

En 2022 seguimos apostando por achegarnos aos centros educativos para ofrecer as mozas e mozos en

risco atención psicolóxica, reforzo educativo e mentorías coas que dar apoio personalizado. Ademais, ofrecemos formación para o profesorado e o persoal educativo.

1595



Alumnado ao que acompañamos.

164



Mocidade vulnerable que rematou formacións ou pasou de curso.

390



Nenos e nenas formados en igualdade.

79



Mocidade que adquiriu habilidades para a vida independente.

2022 igaxes=



Un fogar para crecer

Para mocidade sen apoio familiar



Incidencia



**Nos poderes públicos
e na sociedade para
lograr cambios que
non deixen a ninguén
atrás.**



“ Entrar na vivenda foi o mellor que me pasou na vida, fai dous anos que saín. Axudaronme moito no persoal e no laboral. Grazas á vivenda atopei traballo e acabei os estudos

Lucas



Dispor dun ambiente seguro para crecer, un grupo de persoas coas que compartir, ter un fogar no que sentirse coidada e coidado son dereitos fundamentais da infancia que ás veces non se cumpren coa familia biolóxica.

As nosas vivendas tuteladas foron neste 2022 a casa de mozas e mozos que carecían de apoio familiar. hogares nos que recibir o apoio emocional e o asesoramento educativo e laboral que precisaban sempre preparándose para a súa independencia e a vida autónoma.

En Igaxes contamos con 8 vivendas en 6 cidades galegas dentro do Programa Mentor , financiado polo Fondo Social Europeo e a Xunta de Galicia, que desenvolvemos dende 2005.



Adolescentes que atoparon un fogar nos nosas vivendas tuteladas no 2022.

2022 igaxes=



Mocidade migrante

Avanzando nos dereitos para que
teñan futuros dignos



Participación



**Das nenas, nenos,
mozas e mozos na
construcción do seu
propio futuro e dun
mundo máis xusto**



Todas as mozas e mozos, independentemente do seu lugar de orixe, deberían poder gozar dos mesmos dereitos e construír o futuro que queren, por iso a pesar dos avances que supuxo a Reforma do Regulamento da Lei de Estranxeiría do 2021, aínda queda moito por facer.

En Igaxes seguimos reclamando que non se realicen probas de determinación de idade, que non son 100% fiables e que, en ocasións, deixan a nenas e nenos fóra do sistema de protección.

“ A miña vida está en Ourense, aquí teño moitos amigos e coñecidos e ás veces precisas a alguén que te axude. Eu quero ser condutor, se pode ser de camión.

”

Sidy Laye

71



Mocidade migrante que iniciou un plan de integración social e laboral.

18



Accesos a formación reglada.

22



Conseguiron un contrato de traballo.

2022 **igaxes** =

Resalire

#NonNosXulgues



Resalire

#NonNosXulgues



Resalire

#NonNosXulgues



Acabar cos estigmas


Comunicar para facilitar o camiño

Resalire

(pre-lat Re, volver a ser). s. m. ou f.

1. Persoa que volve a saír.
2. Capacidade dun corpo para recuperar a súa forma orixinal a pesar de persistir forzas que traten de modificalo.

— Un proxecto de Igaxes en colaboración con Fuco Reyes.



Memoria
o que somos
este instante.
#NonNosXulgues



Protección
ou necesidade de apoio
o chan baixo os pés.
#NonNosXulgues



Fortaleza
ou nosos apoortes
príncipe e raiz.
#NonNosXulgues



Inocencia
o que nos conecta cos soños
desvelar o invisible.
#NonNosXulgues



Resalire

(pre-lat Re, volver a ser). s. m. ou f.
Persoa que volve a saír.
Capacidade dun corpo para recuperar a
súa forma orixinal a pesar de persistir
forzas que traten de modificalo.

— Un proxecto de Igaxes en colaboración con Fuco Reyes.

#NonNosXulgues

Fuco Reyes e Igaxes nunha exposición na Alameda de Santiago

Loitamos contra o estigma, amplamente extendido, de que as mozas e os mozos que viven en fogares tutelados o fan por ter feito algo malo, pero non é así. A realidade, que moita xente descoñece, é que as súas familias non puideron ou non souberon coidar delas e deles.

Se no 2021 #NonNosXulgues chegaba a autobuses e centros comerciais, este 2022 converteuse na exposición de fotografía RESALIRE. A exposición,

que se expuxo na Alameda de Santiago, inaugurouse cun acto ao que asistiron destacados persoeiros da política e a cultura galega.

A exposición foi realizada polo multi-premiado fotógrafo Fuco Reyes, que tras un traballo de achegamento ás inxerencias da rapazada das vivendas, fíxolles un retrato acompañado dun texto explicativo. A inauguración e a web, soporte dixital da exposición, contaron coa música do pianista cubano Alejandro Vargas.



Exposición: resalire.nonnosxulgues.gal

60



Persoas que acudiron ao acto inaugural

600



Persoas que visitaron a exposición

2022 igaxes=



Construír un futuro

O camiño cara a vida independente



Dereito ao emprego



**Todas as persoas teñen
dereito ao traballo, a
elixilo libremente e a
ter un nivel de vida
adecuado.**

O elevado prezo da vivenda e os problemas para atopar certa estabilidade laboral dificulta os proxectos de vida da xuventude galega e española. A idade de emancipación sitúase nos 29,7 anos.

Con este panorama, a situación da mocidade tutelada complícase, ao non dispor da rede familiar precisa para manter este apoio ata a trintena. Estas e estes rapaces deben entrar na vida adulta moito antes ca o resto co esforzo e a preparación que supón.

As nosas vivendas tuteladas son espazos seguros nos que preparar ese camiño cara a vida independente, son espazos autoxestionados nos que aprender a levar as finanzas domésticas, cociñar... Ao tempo que estruturan o seu proxecto educativo e laboral para saltar á vida independente, sempre co apoio e a axuda dos equipos educativos.

De cara a esta nova etapa que abrimos, queremos fomentar a posta en marcha dunha asociación de mozas e mozos extutelados que sirva de referente e complemento o apoio máis alá dos 25 anos.

Dentro da nosa liña de actuación seguimos chamando á porta das empresas para que establezcan programas de contratación para as persoas en situación de vulnerabilidade, ademais de crear itinerarios laborais adaptados para cada rapaza ou rapaz.

278




Personas tuteladas ou ex tuteladas que recibiron apoio no seu camiño cara á vida independente

153



Persoas en situación de vulnerabilidade que conseguiron un contrato de traballo

157



Empresas que colaboraron coa inserción laboral, patrocinio ou voluntariado corporativo.

2022 igaxes=

Vidas non urbanas

Tránsito á emancipación en zonas non urbanas



**Todas as persoas
deberan poder ter
un futuro onde
elas quixeran**



**Traballamos polo seu
dereito a ter un futuro
profesional e a
converterse no que
desexen ser.**



“ Pola miña situación familiar e por como era a miña vida, hai tres meses non podía imaxinar a estabilidade que teño agora.

Yaiza, 19 anos

”

Cada vez é máis difícil para a xente nova construír un proxecto vital en zonas non urbanas. O envellecemento poboacional xunto coa escaseza de servizos provocan que moitas mozas e mozos teñan que migrar ás cidades. A situación é aínda máis complicada para as persoas tuteladas ou en risco de exclusión.


Coa idea de facilitar o futuro das mozas e mozos vulnerables no seu propio lugar de residencia créase en 2022 o Programa de tránsito á vida adulta, autonomía e emancipación para persoas en situación de vulnerabilidade en zonas non urbanas.


La Voz de Galicia

Lee sin límites todas las noticias [Suscríbete](#)

GALICIA

Un programa crea proyectos de vida en áreas rurales para jóvenes de los centros de menores: «Me dan la oportunidad de aprender y trabajar, y no voy a desaprovecharla»


 MÓNICA P. VILAR



el Fernández, empresario, y Yaiza Blanco, en el restaurante Manuel Bistró, donde ella trabaja como ayudante de CARLOS CORTÉS

El Programa Mentor de Igaxes, que acompaña a chicos y chicas vulnerables en su tránsito a la vida adulta, se expande fuera de las ciudades, para fijar y captar población en zonas envejecidas

26 mar 2023 · Actualizado a las 05:00 h.

 [Comentar](#) - 0

A iniciativa, financiada polos Fondos de Resiliencia da UE e a Xunta, aséntase no acceso a vivenda, a formación adaptada ás necesidades das empresas locais, a procura de emprego e a xeración de vínculos comunitarios na contorna.

49



Personas que atoparon un emprego en zonas non urbanas

50



Persoas que participaron en procesos formativos

53



Persoas que atoparon un fogar en zonas non urbanas

2022 igaxes=

Investir en futuro

O destino dos nosos recursos




Temos unha misión



**Que ningunha nena,
neno ou persoa moza
teña que renunciar ao
seu futuro por razón de
pobreza ou exclusión
social.**

A que destinamos os nosos recursos?




Ingresos totais: 2.607.043,85€

En 2022 incrementamos nun 22,56% o orzamento total de ingresos. Aumentamos fondos nas nosas catro áreas principais de intervención: infancia e familia, educación, emprego e comunidade.

2022 **igaxes** =

Financiannos e colaboran..



igaxes=

**Ningunha moza
e ningún mozo
sen futuro.**

www.igaxes.org

Rúa do Valiño, 63-65
15707 Santiago de Compostela
981 56 11 69 | igaxes@igaxes.org

A Coruña

Novoa Santos, 6-8, 1º
981 13 37 51
coruna@igaxes.org

Ferrol

Cantón de Molíns,
8-9. Of. 6
981 32 94 27
ferrol@igaxes.org

Lugo

Castelao, 3-
Bajo C
982 24 60 71
lugo@igaxes.org

Ourense

Dr. Temes Fdez., 2 -
entrepanta 1-2
988 22 13 34
ourense@igaxes.org

Vigo

López de Neira,
2º, of 206
986 23 96 74
vigo@igaxes.org

2022

Un ano de logros que mudan vidas



90

Adolescentes atoparon un fogar no 2022



202

Persoas en situación de vulnerabilidade conseguiron un contrato de traballo



241

Nenas e nenos recibiron atención especializada



101

Adolescentes con dificultades sociais ou familiares foron apoiados



124

Nais e pais melloraron competencias ou recibiron atención psicosocial



1595

Alumnas e alumnos foron acompañados en centros educativos



164

Mozas e mozos vulnerables remataron formacións ou pasaron de curso



79

Mozas e mozos adquiriron habilidades para a vida independente



157

Empresas colaboraron coa inserción laboral, patrocinio ou voluntariado corporativo



278

Personas tuteladas ou ex tuteladas recibiron apoio no seu camiño cara á vida independente

2022

Un año de logros que cambian vidas



90

Adolescentes encontraron un hogar en 2022



202

Personas en situación de vulnerabilidad consiguieron un contrato de trabajo



241

Niñas y niños recibieron atención especializada



101

Adolescentes con dificultades sociales o familiares fueron apoyados



124

Madres y padres mejoraron competencias o recibieron atención psicosocial



1595

Alumnas y alumnos fueron acompañados en centros educativos



164

Chicas y chicos vulnerables acabaron formaciones o pasaron de curso



79

Chicas y chicos adquirieron habilidades para la vida independiente



157

Empresas colaboraron con la inserción laboral, patrocinio o voluntariado corporativo



278

Personas tuteladas o ex tuteladas recibieron apoyo en su camino hacia la vida independiente